

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

1º PARCIAL, 3ª AVALIACIÓN

3º ESO

**Nome e apelidos:**

**Curso e grupo:**

**Data:**

- Realiza todos os exercicios no folio en branco, excepto o 3, 4, 5, 6 e 8.

**1. Le o seguinte texto e resolve as cuestións que aparecen a continuación. Antes de nada numera as liñas.**

A existencia dos bosques tropicais está en perigo. Aínda que a diario nos beneficiamos da súa existencia, pola súa achega de osíxeno e pola súa variedade de especies, tamén a diario contribuímos á súa destrución. Non todos somos conscientes de que o facemos, pero lamentablemente algúns si o son. Os habitantes dos países desenvolvidos estimulan a explotación abusiva do bosque tropical coa súa demanda de madeiras especiais.

O outro día visitei a casa dunha amiga, observei e pensei: ten o chan de parqué, bonitos mobles, armarios e outros obxectos que están feitos de madeiras tropicais. Realmente, o prezo que se paga polo chan, por exemplo, non reflicte todos os custos da súa produción, especialmente os custos a longo prazo da deforestación en áreas como África occidental e Borneo, lugares de onde a madeira que se exporta está principalmente dedicada a este fin.

E pregunto: queremos, principalmente os occidentais, ser responsables dunha desfeita que parece imparabile?

Desde logo e ata o momento, contribuímos, co noso estilo de vida consumista, á desaparición do bosque tropical.

**a) Enuncia, da maneira que explicamos en clase, a tese do texto argumentativo que acabas de ler. 1 punto.**

**b) Indica os tipos de argumentos que aparecen no corpo do texto. Para identificalos sinala a liña ou liñas en que se atopan. 1 punto.**

**2. Define normativización lingüística. 1 punto.**

**3. Indica o tipo de argumento ao que pertencen os seguintes. 1 punto.**

- Segundo os últimos datos extraídos dunha organización tan importante como o Instituto da Muller, a maioría das mulleres que sofren agresións non o denuncian, feito que pon en evidencia o terror que senten:

- Os atentados do 11 deixaron unha vaga de protestas mundiais, algo similar ocorre co atentado do metro de Madrid:

- Atender antes de preguntar é unha cuestión de educación:

- Segundo Eva Millet, xornalista catalá autora do ensaio *Hiperpaternidade*, existe a idea de que a familia é unha institución democrática; e non, é unha xerarquía: os pais arriba e os nenos abaixo:

- Polas miñas propias vivencias, creo que hoxe o concepto de respecto é moi difuso, perdeu totalmente a súa vixencia:

**4. Completa con *b* ou *v*. 1 punto.**

- Este ano faláronnos dos tro\_\_adores e tivemos que facer unha gra\_\_ación falando deles. Xa\_\_ier, que anda na \_\_erza, non fixo o traballo e seus pais prohibíronlle participar na competición de tiro de xa\_\_elina.

- Deixou na ga\_\_eta uns apuntamentos, pero cando a abrín estaba \_\_aleira.

- Non te apoies na \_\_aranda porque acostuma pousarse un \_\_oitre e un ga\_\_ián.

**5. Completa con *h* cando sexa necesario. 1 punto.**

- Non \_\_inches o globo porque \_\_as asustar a rapaza \_\_orfa que temos durmindo no teu cuarto.

- Rompeu o \_\_úmero ao cargar o \_\_arpón.

- \_\_um\_\_..., non sei que imos facer coa \_\_armónica, é do \_\_óspede que marchou onte. Como rompeu o \_\_ombro, non se quere \_\_ex\_\_ibir por aquí.

**6. Cales son os tipos de textos argumentativos? 1 punto.**

**7. Explica cales son as causas de que durante os Séculos Escuros a lingua galega fora apartada dos usos formais e escritos. 2 puntos.**

**8. Indica o título das manifestacións literarias da narrativa e do teatro dos Séculos Escuros. 1 punto.**